

UNHA CUESTIÓN DE OSÍXENO

Pido licencia, Señores, como aqueles improvisados coros que percorrían as casas cantando os *reises* e reclamando un aguinaldo. Pido licencia e mais pido desculpas de antemán, porque as miñas palabras han semellar cativas a quen, se cadra por acreditar nelas, visite o belén de Begonte.

Os nosos son días de crispación, de desacougo, de proxectos megalómanos que se nos veñen encima e nos esmagan. Os xornais fornecen o que hai: secuestros, guerras, crimes, catástrofes, violacións dos dereitos humanos e superficialidades varias. Productos, en fin, amasados as máis das veces polo baleiro de valores que nos engole.

Pero, trasunto dos tempos en que naceu Xesús, cando todo o orbe estaba en paz, o belén de Begonte é outra cousa. *Por iso agora falo da harmonía que é unha lavandería a refregar un pano diminuto nun río diminuto dun país diminuto.* E falo de pegureiros liliputianos que apacentan ovelas en campos de veludo. E de leñadores a tronzar toros de árbores como bonsais. E de norias a xirar na súa órbita co rigor dun reloxo. E falo de alfareiros de mans enlamadas que caberían coa súa roda nunha ola. E de casas tan pequenas como as dos contos da nenez. E de Xesús, Xosé e María no portal. Falo de arrecendos e de cores que nos levan, alén deles mesmos, a outros días e a outros afectos que xa non están; pero que aínda son. Falo da inocencia recuperada nun exercicio que iniciara hai centos de anos o pobre de Asís e que quixo emular, hai xa un cuarto de século, un crego con fe nos soños, don Xosé Domínguez Guizán, que

agora andaré polos campos do ceo procurando musgos con San Francisco.

E falo dun novo rei Midas, Xosé Varela. Mais, se ao monarca do conto o guiaba a ambición, o anseio de posuír ouro, a este home só o move o desexo de perfeccionar a obra. As mans do rei convertían en ouro canto tocaban e esa foi a súa ruína. Das mans de Varela sae a poesía do cotián, a que arrecende a pan recién feito e ten a claridade da auga limpa, e esa é a súa grandeza.

E falo de todos cantos aportan o seu grao de área para facer ou alentar esta pequena grande obra que fende a árbore do materialismo coma un raio certoiro.

Visitar o belén de Begonte, unha cuestión de osíxeno quizais.